



Concello de Cangas

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 14 DE NOVEMBRO DE 2017

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 14 de novembro de 2017

HORA DE COMEZO: 20:40 h.

HORA DE REMATE: 21:13 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Andrés García Bastón, D^a Mercedes Giráldez Santos, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias, D. Héitor Mera Herbello, D^a Ánxela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e o interventor, D. Sergio Curra Moreira, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

OBRAS E SERVIZOS

1º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN

1.A) SOLICITUDE DE M.D.M.N.

Visto o escrito presentado o día 02.11.2016 por M.D.M.N., na que demanda sinalización horizontal con pintado de liña amarela no lugar onde reside en Camiño do Gueo, nº 2 do Hío, para facilitar as manobras de entrada e saída do seu garaxe.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade co informe emitido pola Policía Local o día 09.11.2016, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Autorizar a sinalización horizontal con pintado de liña amarela no lugar de Camiño do Gueo, nº 2-O Hío, solicitada pola Sra. M.N.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á interesada e aos departamentos de Policía Local, Oficina Técnica e Xestión de Ingresos.



Concello de Cangas

2º.- SOLICITUDES DE CONCESIÓN DE DEMANIAL DE NICHOS EN CEMITERIOS MUNICIPAIS

2.A) SOLICITUDE DE M.C.P.F.

Vista a solicitude presentada por M.C.P.F., DNI nº 76.067.703-T, con enderezo en Rúa Fontaíña, nº 13-Aldán, na que demanda a tramitación do correspondente documento no que se lle acredite a cesión administrativa de dous (2) nichos sitios no bloque N, panteón nº 30-letras C e D, do Cemiterio de Aldán.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a solicitude da Sra. Paz Fervenza, para concesión de dous (2) nichos no Cemiterio de Aldán.

SEGUNDO.- Que polos departamentos correspondentes se proceda á tramitación do correspondente documento de cesión administrativa de dous (2) nichos sitios no bloque N, panteón nº 30-letras C e D, do Cemiterio de Aldán.

2.B) SOLICITUDE DE M.D.P.D.

Vista a solicitude presentada por M.D.P.D., DNI nº 78.731.959-S, con enderezo en Camiño Vello, nº 47-Aldán, na que demanda a tramitación do correspondente documento no que se lle acredite a cesión administrativa de un (1) nicho sito no bloque N, panteón nº 17-letra C, do Cemiterio do Aldán.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a solicitude da Sra. P.D., para concesión de un (1) nicho no Cemiterio de Aldán.

SEGUNDO.- Que polos departamentos correspondentes se proceda á tramitación do correspondente documento de cesión administrativa de un (1) nicho sito no bloque N, panteón nº 17-letra C, do Cemiterio do Aldán.

URBANISMO E PATRIMONIO

3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 10 DE NOVEMBRO DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS



Concello de Cangas

3.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

3.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licencias urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licencias que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e construtor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta



Concello de Cangas

para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os danos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa construtora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 26.110.- Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, con enderezo a efectos de notificacións en Edificio Administrativo San Caetano, s/n-15.781-Santiago de Compostela, para no lugar de San Roque, CEIP Plurilingüe de San Roque-Darbo, en solo urbano, equipamento educativo, realizar rehabilitación integral do CEIP Plurilingüe de San Roque-Darbo, de conformidade co proxecto básico e de execución elaborado polo arquitecto J.L.Q.P. de maio de 2016, condicionado que antes do comezo das obras presente oficios de dirección, cumprirá co sinalado na Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

EXPEDIENTE Nº 26.152.- A E.M.E.-M.L., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Arrecife, nº 8-1ºE-Cangas, para no lugar de Cunchido de Abaixo-Darbo, en solo de núcleo rural, regulado pola Ordenanza 11, construír un muro de contención de terras, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto J.R.L. de agosto de 2016.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro efectuada con data 27 de outubro de 2016 por unha superficie de 20,46 m2.

EXPEDIENTE Nº 26.068.-A Andrés Fariñas Sevillano, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Tomada, 9ª-Borreiros-36378-Gondomar, para en Insua-O Igresario-O Hío, regulado pola Ordenanza 12, construír unha vivenda unifamiliar



Concello de Cangas

de 52,50 m²., de semisoto, 99,35 m²., de planta baixa e 96,70 m²., de primeiro andar, de conformidade co proxecto básico do arquitecto A.U.R., visado en data 8 de xullo de 2016 e plano de deslinde visado en data 27 de xullo de 2016, condicionado a que antes do comezo das obras presente o correspondente proxecto de execución de obras visado, oficios de dirección e de clasificación do contratista, cumprir co sinalado na Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia no referente ós materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro efectuada con data 26 de xullo de 2016 por unha superficie de 23,67 m².

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das fronteiras de parcela aceptándose o aval en garantía desta por importe de mil douscentos noventa e cinco euros con catorce céntimos (1.295,14 €).

EXPEDIENTE S/N.- A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA, con domicilio en Travesía de Vigo, 204-36207-Vigo e no seu nome e representación Fernando Val López, autorízase a ocupación do subsolo público segundo a solicitude e documentación presentada o día 12 de novembro de 2015, instando a ocupación de dominio público de 476 metros, no lugar de Vilariño-O Hío, en relación á obra LMT CII804 A CT VILARIÑO (36CK97) (Nº SDG. 248315020052) nas seguintes condicións:

Antes da apertura das gabias deberá solicitarse información dos servizos técnicos municipais e empresas concesionarias dos servizos de auga e sumidoiros, sobre a situación das redes de canalizacións existentes.

Igualmente requirírase destes a inspección municipal antes do tapado das gabias.

Esta autorización outórgase en precario e será revogada cando existan razóns de interese xeral que así o aconsellen e sempre que se incumpra o establecido na lexislación vixente de aplicación, sen dar dereito ningún a indemnización nin a compensación de ningún tipo.

3.A.2) LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 19.517.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR R.S.G.



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 31 de outubro de 2016, acordou:

a) Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a R.S.G., con enderezo na Pedreira, nº 19-Mos-Pontevedra, para construción de vivenda unifamiliar, sita en Nerga-O Hío, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 19.551.

b) Así mesmo apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

EXPEDIENTE Nº 21.997.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR M.L.Y. E M.N.M.

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 31 de outubro de 2016, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a M.L.Y. e M.N.M., con enderezo na Avda. de Vigo, nº 87-Ático B-Cangas, para construción de vivenda unifamiliar, sita en Outeiro de Balea, s/n- Darbo, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 21.749.

b) Así mesmo apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

3.A.4) PARCELACIÓNS URBANÍSTICAS DOS SEGUINTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 26.059.- Visto o expediente de solicitude de licenza de parcelación urbanística que promove VEGO SUPERMERCADOS, SA, con enderezo en rúa Gambrinus, nº 11-15008-A Coruña, e que consiste nunha división en dúas parcelas: a nº 1 de 4.320,00 m²., que conta cunha edificación existente e a nº 2 de 2.251,00 m²., sen edificación procedentes dun predio matriz de 6.571,00 m²., sito en Souto (Avda. da Coruña, referencia catastral nº 36008A047002440000JH) de Cangas, regulada pola ordenanza URNU.

Vistos os informes técnicos emitidos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Outorgar licenza municipal de parcelación no predio indicado, de conformidade co proxecto presentado, redactado pola arquitecta Carina Pumar Castro de xuño de 2016.



Concello de Cangas

Segundo.- Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos levará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento, a eficacia da licenza queda condicionada á presentación da escritura de cesión ao Concello antes da concesión da licenza de obras.

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

OBRAS

EXPEDIENTE Nº 26.118.- A E.M.E.-M.L., para cerramento frontal e lateral de parcela sita na Rúa Arrecife, nº 8-1ºE-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 26.156.- A G.C.G., para cambio de material de cubrición de cuberta en vivenda sita en rúa Lúa, nº 11-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.189.- A S.S.S., para cambio de material de cuberta en vivenda sita na Rúa Píos, nº 13-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 26.192.- A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS SAN JOSÉ, 13, para obras de reparación puntual de cuberta en rúa San José, nº 13-Cangas.

FACENDA

5º.- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

5.A) SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Examinada a documentación relativa á solicitude de devolución de garantía, realizada pola empresa "FORMATO VERDE, SL", pola realización da instalación de autocompactador soterrado, cuxo documento da Tesourería Municipal de resguardo de depósito de data 27.01.2005, ascende a un importe total de tres mil cincocentos sesenta euros con trinta céntimos (3.560,30 €).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda deixar sobre a mesa pendente da emisión de informe pola técnica municipal, onde se indique a realización dos correctos traballos de instalación do referido autocompactador soterrado.



Concello de Cangas

6º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

6.A) DACIÓN DE CONTA DE SENTENZA Nº 214/2016 DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3

Dáse conta dos seguintes datos referentes á sentenza nº 214/2016 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3, recaída en procedemento ordinario nº 337/2014, que é como segue:

"PO Nº 337/2014.- SENTENZA Nº 214/2016 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 3.

- A persoa/s recorrente: ASOCIACIÓN CULTURAL DEPORTIVA DE CANGAS RONOMAR.

- Contido: desestima o recurso contencioso-administrativo tramitado como PO Nº 337/2014, a instancia de Asociación Cultural Deportiva de Cangas Ronomar contra a desestimación presunta, por silencio, por parte do Concello demandado, do recurso de reposición formulado contra acordo de 06.05.2013 da Xunta de Goberno Local de dito concello pola que se archiva a súa solicitude de declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación de unha edificación e superficie pavimentada dun cámping instalado en Liméns-O Hío.

Declara dita resolución conforme a dereito con condena en costas a cargo da parte actora en contía que non excederá do límite recollido no FJ 5º desta sentenza.

- Non cabe interpor recurso contra a presente sentenza. Sentenza firme".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, queda informada dos datos referentes á sentenza nº 214/2016 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3, recaída en procedemento ordinario nº 337/2014.

SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE

7º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE ALTAS E BAIXAS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 03.11.2016, relativa ás altas e baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:



Concello de Cangas

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Alcaldía a seguinte resolución:

** CONCEDERLLE a M.P.N., co expediente nº: 36008/02/2710-PO/54404, o Servizo de Axuda a Domicilio a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:*

Prestacións:

**Atencións de carácter persoal*

**Atencións de carácter doméstico e da vivenda.*

**Atención de carácter psico-social e educativo.*

Custo do servizo: *oitocentos cincuenta e oito euros con trinta e un céntimos (858,31 €).*

Achega económica da persoa usuaria: *(segundo a capacidade económica: cincocentos euros con doce céntimos (500,12 €/mes.)*

Número de horas: *70 horas.*

Data prevista de alta no SAF: *15 de novembro de 2016".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

CONTRATACIÓN

8º.- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE CORRESPONDENTE Á OBRA "URBANIZACIÓN DA RÚA MESTRE TENREIRO"

Visto o informe emitido en data 09.11.2016 pola arquitecta técnica municipal C.G.C., cuxo tenor literal é o que a continuación se transcribe:

"INFORME DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE

Obra: *"URBANIZACIÓN DA RÚA MESTRE TENREIRO"*

Adxudicatario: *CODEGA (Construcción y deslizamientos de Galicia SLU)*

Asunto: *Informe Plan de Seguridad e Saúde*

C.G.C., como coordinadora de seguridade e saúde durante a execución das obras do epígrafe.



Concello de Cangas

INFORMA:

1) A empresa: **CODEGA (Construcción y deslizamientos de Galicia SLU)** adxudicataria das obras do epígrafe, presenta o plan de seguridade e saúde, en cumprimento do establecido no artigo 7 do Rd 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción. (BOE 25-10-1997).

2) O mencionado plan axústase ao estipulado na lexislación vixente, e polo tanto o técnico que subscribe, o informa **FAVORABLEMENTE** e propón a súa aprobación”.

En virtude do que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan de Seguridade e Saúde da obra “URBANIZACIÓN DA RÚA MESTRE TENREIRO”.

SEGUNDO.- Nomear directora da obra “URBANIZACIÓN DA RÚA MESTRE TENREIRO” á arquitecta técnica municipal, C.G.C.

TERCEIRO.- Do presente acordo daráselle traslado á empresa adxudicataria *CODEGA (Construcción y deslizamientos de Galicia SLU)* a cal a súa vez, xunto co Plan de Seguridade e Saúde dará conta á autoridade laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea a esta, segundo preveñen a Lei 13/1995, do 8 de novembro, para os efectos do cumprimento do seu artigo 31.3 apartados a), b), c), d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas que interveñen ou concorrente na obra (se as houbera) e aos representantes dos traballadores, para os efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 Rd 1627/1997).

9º.- PROPOSTA DA MESA DE CONTRATACIÓN S/LICITACIÓN DO SERVIZO DE DISEÑO E IMPLANTACIÓN DO PORTAL WEB INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE CANGAS E O PORTAL WEB DO AUDITORIO MUNICIPAL

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato de servizo de deseño en implantación do portal web institucional do Concello de Cangas e do auditorio municipal, que foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión realizada o día 05.09.2016.



Concello de Cangas

Vista a acta elaborada pola mesa de contratación na súa reunión do día 19.10.2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Dar por válido o procedemento de valoración das ofertas realizado pola mesa de contratación e aprobar a acta remitida ao órgano de contratación.

SEGUNDO.- Excluir da licitación aos catro licitadores que presentaron oferta neste procedemento por teren incluído no sobre B información que obrigatoriamente debía constar no sobre C, o que motivou a imposibilidade de valorar as ofertas.

TERCEIRO.- Declarar deserta esta licitación.

CUARTO.- Notificar a todos os licitadores este acordo e dar traslado deste aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico, así como publicar o resultado do procedemento no perfil do contratante.

10º.- PROPOSTA DA MESA DE CONTRATACIÓN S/LICITACIÓN DO SERVIZO DE IMPARTICIÓN DE CURSOS A PERSOAS MAIORES

Dáse conta de proposta da Alcaldía do día 10.11.2016, referente a licitación do servizo para impartir cursos a persoas maiores, que é como segue:

"PROPOSTA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE IMPARTICIÓN DE CURSOS DEDICADOS A PERSOAS MAIORES"

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato de servizo consistente en impartir cursos dedicados a persoas maiores.

Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil 'IBÉRICA Soluciones Formativas y Consultoría, SL', con NIF nº B85627941, por resultar esta a oferta economicamente mais vantaxosa das achegadas.

Visto o disposto na cláusula 17ª do PCAP que rexe esta contratación segundo a cal 'o órgano de contratación requirirá á empresa coa oferta economicamente mais vantaxosa para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que tivera recibido o requirimento, presente a seguinte documentación....'.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:



Concello de Cangas

Primeiro.- Aceptar a valoración das ofertas realizada pola mesa de contratación que consta na acta redactada ao efecto na súa reunión do día 11.11.2016.

Segundo.- Requirir á empresa 'IBÉRICA Soluciones Formativas y Consultoría, SL', para que no prazo de 10 días hábiles presente no rexistro xeral do Concello a documentación xustificativa do cumprimento dos requisitos previos e a documentación necesaria para a adxudicación do contrato segundo o disposto na cláusula 17ª do PCAP.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo ao departamento municipal de Apoio Xurídico".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a licitación do servizo para impartir cursos a persoas maiores.

ENSINO E DEPORTE

11º.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN S/ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, O CONCELLO DE CANGAS E O "ALONDRAS CLUB DE FÚTBOL", PARA O DESENVOLVEMENTO DAS NOVAS ACTUACIÓNS DERIVADAS DO "REMATE DA OBRA NOVA BANCADA NO CAMPO DE FÚTBOL DO ALONDRAS"

Examinado o escrito remitido pola Deputación Provincial de Pontevedra, no que se comunica ao Concello de Cangas que na Xunta de Goberno da Deputación se aprobou a addenda ao convenio de colaboración (asinado o 29.07.2014) entre a Deputación Provincial de Pontevedra, o Concello de Cangas e o "Alondras Club de Fútbol", para o desenvolvemento das novas actuacións derivadas do "REMATE DA OBRA NOVA BANCADA NO CAMPO DE FÚTBOL DO ALONDRAS".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar a addenda ao convenio de colaboración (asinado o 29.07.2014) entre a Deputación Provincial de Pontevedra, o Concello de Cangas e o "Alondras Club de Fútbol", para o desenvolvemento das novas actuacións derivadas do "REMATE DA OBRA NOVA BANCADA NO CAMPO DE FÚTBOL DO ALONDRAS".

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. alcalde para a sinatura da addenda referida.



Concello de Cangas

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo ao departamento de Intervención e Concellería de Ensino e Deporte.

CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

12º.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE CULTURA S/APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE NADAL 2016/2017

Dáse conta de proposta do día 10.11.2016 do concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística do Concello de Cangas, referente a aprobación da programación de Nadal 2016/2017 e do orzamento derivado do desenvolvemento deste evento e da contratación das carrozas da Cabalgata de Reis.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar a proposta do concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística do Concello de Cangas, referente a aprobación da programación de Nadal 2016/2017, así como do orzamento derivado do desenvolvemento deste evento e da contratación das carrozas da Cabalgata de Reis.

PERSOAL

13º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DE BASES PARA A SELECCIÓN E CONFECCIÓN DUN LISTADO DE CONTRATACIÓNS DE LIMPADORES/LIMPADORAS DE EDIFICIOS PÚBLICOS

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 02.11.2016, referente a aprobación de bases para a selección e confección dun listado de contratacións de limpadores/limpadoras de edificios públicos, que di o seguinte:

"PROPOSTA DE ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A necesaria prestación de determinados servizos de carácter esencial sería inviable de non contar coa limpeza cotiá das instalacións nas que se prestan. Tendo en conta que esta necesidade ten que ser cuberta polo Concello en función das competencias que lle atribúe a normativa vixente e resultando preciso contar cun listado para cubrir as necesidades de contratación de persoal con carácter temporal nas tarefas de limpeza de edificios atendendo tamén a necesidade de acometer a necesaria renovación das listas de emprego temporal ata o de agora vixente abrindo o acceso a estas, procede acometer a convocatoria e realización dun proceso selectivo que terá como obxectivo a confección do listado mencionado.



Concello de Cangas

Polo exposto elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- Aprobar as bases de selección para a confección dun listado de contratacións para a cobertura das posibles contratacións de persoal con carácter laboral temporal como peóns de limpeza de edificios públicos. Bases que achegan como anexo a presente proposta de resolución.

SEGUNDO.- Convocar o proceso mencionado e ordenar que se sigan todos os trámites ata a aprobación do listado que resulte deste.

TERCEIRO.- Que se proceda a publicación das bases de acordo co disposto nestas”.

A N E X O:

"BASES PARA A SELECCIÓN E CONFECCIÓN DUN LISTADO DE CONTRATACIÓN DE LIMPADORES/LIMPADORAS DE EDIFICIOS PÚBLICOS.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA, CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN

O obxecto da presente convocatoria é a constitución dun listado de contratacións ou lista de agarda para a cobertura das contratacións necesarias de peóns de limpeza de edificios públicos.

O procedemento de selección dos aspirantes será o de oposición libre.

Formarán parte da lista de agarda os aspirantes que teñan superado as probas previstas nas presentes bases determinándose a súa posición na lista citada segundo a puntuación obtida no proceso.

As contratacións serán de carácter laboral temporal, na modalidade de acumulación de tarefas por un período de duración non superior a seis meses en función das necesidades existentes coas retribucións correspondentes a súa categoría, non podendo subscribirse simultaneamente máis de 22 contratos. Os contratos que se subscriban incluírán a previsión dun período de proba de un mes de duración nos casos en que resulte procedente de acordo coa normativa de aplicación. Ás persoas seleccionadas seralle de aplicación no momento da súa contratación o Acordo Regulador das condicións de traballo do persoal ao servizo do Concello de Cangas.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.



Concello de Cangas

- a) *Ter nacionalidade española ou algunha outra que, consonte o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015 do Emprego público de Galicia permita o acceso ao emprego público.*
- b) *Non ter sido despedido/a mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.*
- c) *Ter feitos os dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.*
- d) *Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.*
- e) *Ter ingresada a taxa para participar no proceso selectivo segundo a correspondente ordenanza fiscal 5,33 €*

Os requisitos anteriores deberán cumprirse na data de remate da presentación de solicitudes e tamén deberán cumprirse, no seu caso, no momento do chamamento para a contratación.

TERCEIRA.- PUBLICIDADE

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro da anuncios do Concello e na páxina web municipal (www.cangas.gal) durante o prazo sinalado para a presentación de instancias, co fin de posibilita-la presentación de reclamacións ou suxestións. Publicarase un anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra determinando o período de exposición das bases no taboleiro e na páxina web municipais, que se iniciará a partir do día seguinte ao da citada publicación no Boletín Oficial da Provincia.

De presentarse reclamacións as bases –que non suspenderán o prazo para a remisión de instancias para participar no proceso selectivo- a selección demorarase ata a resolución das mesmas. De ser aceptada ou aceptadas algunha das reclamacións ou suxestións formuladas, abrirase un novo período de presentación de instancias de conformidade coas bases modificadas. Contra a resolución que estime ou desestime as reclamacións ás bases, non caberá recurso ningún, sen prexuízo de poder recorrer tal circunstancia xunto coa resolución que poría fin ao procedemento.



Concello de Cangas

O taboleiro de anuncios da Casa do Concello e a páxina web do Concello (www.cangas.gal) será o medio para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo irán dirixidas á Alcaldía do Ilmo. Concello de Cangas, e serán entregadas no Rexistro Xeral no prazo de dez días hábiles a contar a partir do primeiro día hábil seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, en horario de atención ao público.

As instancias deberán presentarse no modelo específico deste proceso selectivo debidamente asinado que como anexo II acompaña ás presentes bases facendo constar expresamente o cumprimento dos requisitos expostos na base segunda, sen prexuízo de que ao final do proceso selectivo se acredite documentalmente ese cumprimento de acordo co disposto na base novena. Non obstante deberá procederse a esta acreditación en calquera momento anterior se así o esixe o Negociado de Persoal do Concello ou o Tribunal de Selección, así como no momento do chamamento para a contratación.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. Caso de que a instancia non se presente directamente no rexistro xeral do concello o/a aspirante deberá dirixir por fax ao 986304850 unha copia da instancia con anterioridade ao remate do prazo na que figure a data de presentación no rexistro correspondente aos efectos de que poida ser incluída na relación de admitidos/as.

Xunto coa instancia presentarase:

1.- resgardo acreditativo do pagamento das taxas. Este pago deberá facer previa obtención da correspondente folla de liquidación na Tesourería do Concello.

2.- Fotocopia do DNI.

Os aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude e, no seu caso, solicitarán as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que a adaptación fose necesaria.

QUINTA.- ADMISIÓN DOS/DAS ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista de admitidos e excluídos provisionais, con



Concello de Cangas

especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

Os aspirantes excluídos disporán de 3 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación do listado provisional para poder subsanar ou emendar, no seu caso o defecto que motivara a exclusión. No suposto de producirse reclamacións ditarase nova resolución estimándoa ou desestimándoa, o que se fará publico, igualmente, no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza ós interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado. Estes deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen a proba selectiva.

SEXTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal que xulgará as probas terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. Estará composto por cinco membros. Podendo constituírse coa asistencia de tres dos seus membros titulares ou suplentes.

Os membros titulares e suplentes terán igual ou maior titulación ca esixida ós aspirantes á praza convocada, e terán voz e voto.

Estes deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorra neles algunha circunstancia prevista no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

A composición efectiva do tribunal, así como a data de celebración da proba escrita farase pública no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, integrando a resolución pola que se publique a lista provisional de admitidos e excluídos ao proceso selectivo, co fin de posibilitar a formulación de recusación contra os membros da comisión de selección.

O Tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a presta-la súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

SÉTIMA.-CONTIDO DO PROCESO SELECTIVO, FORMA DE DESENVOLVEMENTO, ORDE DE CHAMAMENTOS E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN

O proceso selectivo constará dunha única fase a de oposición.



Concello de Cangas

A data, hora e lugar de realización da proba da fase de oposición farase pública integrando a resolución pola que se aproba o listado provisional de admitidos e excluídos.

Os chamamentos realizaranse por orde alfabético en función dos apelidos comezando pola letra (a).

FASE DE OPOSICIÓN:

Consistirá na realización dun exercicio escrito obrigatorio e eliminatorio. Os/as aspirantes contestarán por escrito a un test de 30 preguntas propostas polo tribunal con tres respostas alternativas das que só unha será a acertada. Cada pregunta acertada sumará 1 punto. As respostas incorrectas descontarán 0,5 puntos (medio punto). As preguntas nas que non se marque ningunha opción non puntuarán.

Os/as aspirantes deberán marcar de forma clara e precisa a opción da resposta que consideren correcta. No caso de querer cambiar a súa elección deberán indicalo con claridade. En caso de dúbida respecto a opción efectivamente seleccionada a pregunta non puntuará.

Esta proba tipo test será elaborada polo tribunal e se corresponderá cos contidos do programa que como ANEXO I figura ao final das presentes bases.

O tempo máximo de realización desta proba escrita, coas preguntas de reserva incluídas, será de 70 minutos.

A proba puntuarase de 0 a 30 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 15 puntos para non quedar eliminado do proceso selectivo. A puntuación final obterase de sumar 1 punto por cada resposta acertada e de restar 0,5 puntos (medio punto) por cada resposta errónea. O tribunal incluírá tamén 5 preguntas "de reserva" na proba, en previsión de posibles anulacións, e que servirán tamén para desfacer posibles empates segundo se indica no apartado seguinte.

Tódolos candidatos que concorran á realización da proba deberán ir provistos do seu DNI, NIE, pasaporte ou permiso de conducir, debendo presentalo ao tribunal cando así llo requiran. En caso de non presentar ningún destes documentos, non se lle permitirá a realización da proba. Así mesmo, deberán acudir á proba provistos de bolígrafo, preferentemente de cor azul.

Os aspirantes serán chamados para a realización da proba nun único chamamento, quedando excluídos do proceso os que non comparezan.

Tralo remate da fase de oposición o Tribunal fará pública a relación de aspirantes que superasen a proba, indicando a puntuación obtida. Os/as opositores/as non incluídos/as na lista terán a condición de non aptos/as.



Concello de Cangas

OITAVA.- CUALIFICACIÓN FINAL

A cualificación final da proba de oposición virá determinada polo resultado acadado ao sumar as respostas acertadas e restar as respostas incorrectas.

As preguntas de reserva non se sumarán nesta cualificación final, salvo no caso de que, seguindo a orde na que se formulen, substitúan algunha das 30 preguntas do test por anulación no seu caso dalgunha delas.

No suposto de empate na cualificación final o Tribunal determinará a orde de colocación no listado tomando en consideración os seguintes criterios:

- 1) en primeiro lugar calculará a puntuación obtida na resposta ás preguntas de reserva en conxunto (sumando os acertos e descontando os erros);*
- 2) en segundo lugar, de persistir o empate, este desfaríase mediante sorteo entre os aspirantes empatados.*

A continuación o Tribunal fará público o resultado provisional, abríndose un período de reclamacións de tres días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación daquel. Transcorrido este prazo, unha vez resoltas as posibles reclamacións procederase a publicación dos resultados definitivos. O Tribunal elevará á Alcaldía a proposta de listado resultante do proceso para a súa formalización mediante resolución de Alcaldía. Este listado estará ordenado en función das puntuacións obtidas no proceso e os criterios de desempate sinalados.

NOVENA.- LISTADO DE CONTRATACIÓN

O listado aprobado por resolución de Alcaldía terá unha duración inicial de dous anos a contar dende a data da resolución na que se aprobe tal listado, podendo ser prorrogado ata que se esgote a lista sen prexuízo de que poida quedar sen efecto por resolución motivada da Alcaldía.

A entrada en vigor do novo listado determinará a anulación de calquera outro listado anterior de cobertura de prazas de limpeza.

A duración dos contratos que se formalicen será de ata seis meses.

As contratacións que se efectúen en base a tal listado deberán facerse mediante a adopción dunha resolución de Alcaldía na que se fundamentará a necesidade de acudir a ela e que contará cos informes preceptivos previos.

A renuncia inxustificada ao contrato suporá a exclusión do listado. A renuncia por causa xustificada deberá acreditarse documentalmente e suporá que se pasará ao seguinte aspirante do listado sen exclusión daquel e sen modificar a



Concello de Cangas

súa orde, de maneira que este aspirante volvería a ser chamado cando dese unha volta completa a lista. A imposibilidade de contactar co interesado/a suporá que se pasará ao seguinte aspirante do listado, se esta imposibilidade se repetise en dúas ocasións igualmente suporá a exclusión da lista. Nos supostos de contratos cunha duración inferior ao máximo previsto nas presentes bases, non se pasará ao seguinte aspirante do listado en tanto non se complete ese tempo.

Sen prexuízo dos supostos de urxencia na comunicación da oferta de traballo se utilizará calquera procedemento que garanta a constancia escrita ou electrónica da súa recepción, a tal fin as aspirantes seleccionadas indicarán os datos precisos para tal comunicación. Noutro caso o chamamento efectuarase telefonicamente, facendo ata tres tentativas, no teléfono que facilitarán a tal efecto ao Negociado de Persoal as persoas interesadas. De resultar infrutuosa a terceira chamada pasarase a contactar coa seguinte persoa da lista, coas consecuencias establecidas no parágrafo anterior. As persoas contactadas deberán presentar a documentación requirida polo Negociado de Persoal para a súa contratación considerando renuncia inxustificada a non presentación da citada documentación no prazo que se lle indique. As persoas chamadas deberán reunir as condicións esixidas pola normativa vixente para ser contratadas, de non ser así, resultarán excluídas da lista.

DÉCIMA.- CARÁCTER DAS BASES E INCIDENCIAS

As presentes bases desta convocatoria vinculan á administración local convocante, ao Tribunal cualificador e ós aspirantes que participen no proceso.

O tribunal de selección queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias produza a súa aplicación, podendo adoptar os acordos necesarios na procura da boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

DÉCIMO PRIMEIRA.- DISPOSICIÓN FINAL

As presentes bases e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actualizacións do tribunal de selección, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e polo disposto nas presentes bases.

Así mesmo a administración municipal poderá, no seu caso, proceder á revisión das resolucións dos tribunais de selección conforme ao previsto na devandita Lei.



Concello de Cangas

ANEXO I.- PROGRAMA DA PRESENTE CONVOCATORIA.

TEMA 1.- A ADMINISTRACIÓN LOCAL E A SÚA CONFIGURACIÓN NA CONSTITUCIÓN. O MUNICIPIO: ELEMENTOS E ORGANIZACIÓN MUNICIPAL (O ALCALDE, O PLENO, A XUNTA DE GOBERNO LOCAL E AS COMISIÓNS INFORMATIVAS).

TEMA 2.- O TERMO MUNICIPAL DE CANGAS: PARROQUIAS, LUGARES E RÚAS. AS DEPENDENCIAS E INSTALACIÓNS DO CONCELLO DE CANGAS: DENOMINACIÓN E LOCALIZACIÓN. SERVIZOS PÚBLICOS NO MUNICIPIO DEPENDENTES DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS.

TEMA 3.- DEREITOS E DEBERES DO PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA. NORMATIVA XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS. NORMAS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO SECTOR DA LIMPEZA.

TEMA 4.- NOCIÓNS ELEMENTAIS DE CÁLCULO RELACIONADAS COA ACTIVIDADE: SUMAR, RESTAR, MULTIPLICAR, DIVIDIR, PORCENTAXES E FRACIÓNS. COMPRENSIÓN BÁSICA DUN TEXTO (ETIQUETAS DE PRODUTOS, INSTRUCCIÓN DE USO E MANTEMENTO DA FERRAMENTA E DA MAQUINARIA, ETC.).

TEMA 5.- TÉCNICAS DE LIMPEZA. NORMAS XERAIS SOBRE A RECICLAXE DE PRODUTOS: CLASIFICACIÓN E PRECAUCIÓNS A TER EN CONTA. UTENSILIOS E MAQUINARIA UTILIZADA NA LIMPEZA. PRODUTOS UTILIZADOS NA LIMPEZA, NORMAS DE USO. MESTURA DE PRODUTOS DE LIMPEZA".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar a proposta transcrita da Alcaldía, referente a aprobación de bases para a selección e confección dun listado de contratacións de limpadores/limpadoras de edificios públicos.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 Rd 2568/1986, de 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) SOLICITUDE DE OBRA SOCIAL "LA CAIXA" PARA AUTORIZACIÓN MUNICIPAL DA EXPOSICIÓN "HABLEMOS DE DROGAS" NA ALAMEDA VELLA DE CANGAS



Concello de Cangas

Vista a solicitude da OBRA SOCIAL "LA CAIXA", na que reclaman autorización municipal para a realización da exposición "HABLEMOS DE DROGAS" na Alameda Vella de Cangas (Xardíns de Félix Soage) desde o 9 de xaneiro ao 27 de xaneiro de 2017 (incluíndo un día de montaxe e outro do desmonte). As datas de apertura ao público serían do 10 de xaneiro al 26 de xaneiro de 2017.

As dimensións do CosmoCaixa son 14,50 x 6,70 m. A Fundación bancaria "La Caixa" comprométese a non efectuar ningunha fixación mecánica na pavimentación do espazo e a deixar o recinto utilizado para instalar a exposición nas condicións que atopou.

A Fundación Bancaria "La Caixa" realizará a produción, instalación e retirada de bandeirolas de farol, que instalará no perímetro da carpa, así como nas principais zonas de acceso e paso da cidade, non podendo pagar fianzas pola súa colocación.

O Concello de Cangas do Morrazo aportará á Obra Social "La Caixa" as autorizacións pertinentes de vía pública e os permisos necesarios para instalar o CosmoCaixa, comprometéndose a facilitar o seguinte:

- O permiso administrativo de instalación e a cesión gratuíta do espazo do 9 de xaneiro ao 27 de xaneiro de 2017 e autorizará a instalación do CosmoCaixa nas datas anteriormente mencionadas.
- A colaboración de la Policía Municipal para:
 - Acompañar o camión que transporta a exposición desde o exterior da cidade ata o lugar de instalación e viceversa ao finalizar a exposición.
 - Manter libre de vehículos a zona de chegada e saída do camión, en caso necesario.
- A conexión, acometida e consumo eléctrico coa potencia de 12 Kw. para o correcto funcionamento da exposición.
- Unha boca de rego para a subministración de auga (e asumirá os custos de conexión e consumo de auga) para a limpeza diaria no interior do CosmoCaixa.

Como en todas as exposicións da Fundación Bancaria "La Caixa", a entrada para visitar o CosmoCaixa Tecnorrevolución será gratuíta e a organización da exposición corresponderá conxuntamente ao Concello de Cangas e á Obra Social "La Caixa", constando os logotipos de ambas institucións na entrada da exposición.



Concello de Cangas

PROGRAMA DE ORGANIZACIÓN DA EXPOSICIÓN "HABLEMOS DE DROGAS":

Domingo 8 de xaneiro:

- Sobre las 17.00 h. chegada dun tráiler articulado de 16 mts. co contenedor da exposición.
- Solicítase para este día a retirada a caseta indicada en deseño anexo.
- Aviso á Policía Local para o acompañamento ata o emprazamento e facilitar os labores de entrada, acceso á zona de montaxe e manobras do tráiler.
- Solicítase para este día a cesión dunhas 20 uds. de valado para delimitar o espazo operativo e unha conexión de toma de auga.
- Descarga e nivelación a cargo do persoal da empresa Proa Sur.
- Solicítase para este día conexión eléctrica (ver documento anexo).
- Inicio da montaxe a cargo do persoal da empresa Proa Sur.

Luns 9 de xaneiro:

- Continuación de montaxe da unidade expositiva.
- Traballos de limpeza e mantemento.

Martes 10 de xaneiro:

- Rolda de prensa e inauguración.

Período de exhibición: do 10 ao 26 de xaneiro de 2017.

DESMONTAXE:

Venres 27 de xaneiro de 2017

Venres 27 de xaneiro:

- Solicítase para este día a cesión dunhas 20 Uds. de valados para delimitar o espazo operativo e a retirada da boca de auga.
- Inicio do desmonte da exposición a cargo do persoal da empresa Proa Sur.
- Desconexión eléctrica.
- Sobre las 15.00 horas chegada dun tráiler para carga do módulo expositivo.
- Aviso á Policía Local para o acompañamento e manobras.
- Carga do módulo ao tráiler e retirada.
- Finalización do desmonte.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda conceder a OBRA SOCIAL "LA CAIXA", autorización municipal para a realización da exposición "HABLEMOS DE DROGAS" na Alameda Vella de Cangas (Xardíns de Félix Soage) desde o 9 de xaneiro ao 27 de xaneiro de 2017, coas condicións indicadas anteriormente.



Concello de Cangas

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente